

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2020): *Idioma e sociedade. Sobre a normalización e planificación da lingua galega*. Santiago de Compostela: Laidvento, 294 pp.

O profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, do Departamento de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña, propónse reflexionar nesta obra sobre a estreita relación entre a sociedade e a lingua galega, poñendo especial foco de atención na súa normalización e planificación como garantes necesarios para a súa supervivencia. Con esta finalidade, Freixeiro Mato recorre aos traballos académicos de diversos autores galegos e foráneos para analizar as diferentes cuestións tratadas no libro e, asemade, para poñer estas en relación coas súas propias reflexións nesta materia. Así, dende o limiar ata as conclusións, o autor deixa claro que este traballo vai máis alá dunha revisión no campo da sociolingüística galega, senón que achegará, ademais, a súa propia visión dos temas tratados e presentará propostas prácticas para a normalización e planificación da lingua galega.

Despois desta introdución, e xa entrando en profundidade na materia desta obra, o primeiro capítulo ou sección ten como título “Lingua, sociedade e planificación lingüística” (pp. 13-86) e estrutúrase en cinco subdivisións entre as que se podería establecer unha relación xerárquica, dende o máis xeral ata o específico. Deste modo, Freixeiro Mato comeza elaborando unha definición da lingua dende os estudos sociolingüísticos e, polo tanto, establecendo a súa relación coa sociedade. Así, destácase que as linguas serán tratadas neste traballo dende unha perspectiva na que supoñen unha ferramenta social para a comunicación, para a representación dunha realidade particular e que, por conseguinte, funcionan tamén como un importante axente socializador. Unha vez tendo clara a relevancia social das linguas, céntrase a atención no proceso directamente relacionado con este binomio de sociedade e lingua que non é outro que a planificación lingüística. Neste punto, Freixeiro Mato fai un percorrido histórico da

orixe deste fenómeno e da súa conceptualización para, a continuación, referirse aos tipos e fases da planificación lingüística propostos por diversos autores e autoras. Desta maneira, cun fondo teórico xeral exposto, pon o foco no proceso de elaboración da planificación e normalización da lingua galega no que se salienta a falta de compromiso por parte das autoridades políticas e outros importantes axentes de socialización, o cal reforza as actitudes lingüísticas negativas que sofre a lingua e, tamén, as dificultades para poñerlle freo á consolidación dos castellanismos, reflexo do avanzado proceso de substitución lingüística. A continuación, faise unha reflexión sobre as distintas propostas para a elaboración dunha norma do galego ou estandarización, así como da confrontación existente entre aqueles que apostan por un achegamento á lingua portuguesa en diversos graos ou os que defenden a norma vixente do galego, máis semellante á do castelán pola longa (e desigual) relación de contacto de ámbalas dúas linguas. Chegados a este punto, o autor pecha este capítulo coa súa proposta: o “binormativismo”, que supón o recoñecemento oficial (e social) das dúas normas que xa conviven neste momento. Freixeiro Mato fundamenta con diferentes estudos sobre a importancia do vínculo identitario das linguas e, especialmente, co estudo e comparación do caso noruegués, comunidade na que existen máis dunha norma ou estándar. Así, o autor defende que, aínda tendo en conta as súas posibles desvantaxes, esta proposta supón unha terceira alternativa viable para a revitalización do galego e que podería axudar á conciliación nas disputas existentes. As características máis salientables son, por unha parte, que abranguería tódalas identidades e discursos comprometidos dalgunha forma coa lingua galega e, por outra, suporía conectar co contexto lusófono que ofrece vantaxes socioculturais e económicas para a sociedade galega.

O segundo capítulo ou sección ten como título “Norma, usos e variación” (pp. 87-192) e, en coherencia coa complexidade destes elementos, é o máis extenso dos catro que contén o libro. A primeira parte do capítulo ofrece, pois, unha revisión teórica do concepto de norma lingüística que se ve confrontado ao de norma social para, a continuación, presentar a súa tipoloxía. A partir deste punto, faise unha análise da relación entre a norma e o prestixio lingüístico tendo en conta os postulados de expertos: a variedade padrón é a que se adoita relacionar coa variedade de prestixio, mais o que lle ofrece ese prestixio é o propio grupo social ao que está asociada e, por conseguinte, será o poder simbólico que se lle atribúe por esta relación o que determine a súa posición, é dicir, o seu valor, no mercado lingüístico. Igualmente, o autor profunda nesta cuestión ao reflexionar sobre a orixe, as consecuencias e as vantaxes da norma para poñelas en relación co contexto galego: a elaboración dunha variedade estándar da lingua galega é moi recente e carece do prestixio que goza o castelán o que suscitou, entre outras consecuencias, unha profunda castellanización das variedades galegas, o rexeitamento por parte da poboación da variedade estándar do galego e o avance da substitución lingüística do galego pola que continúa sendo a lingua de maior prestixio, o castelán. Con este contexto de fondo, na seguinte subepígrafe do capítulo abórdase o proceso de normalización lingüística do galego no que Freixeiro Mato reflicte as súas observacións sobre a corrección lingüística, as linguas de especialidade e, en definitiva, a normalización terminolóxica do galego que, de acordo co autor, sofre de notables carencias pola falta de consolidación nestes ámbitos específicos e pola dependencia do castelán. O seguinte apartado deste capítulo está dedicado ás variedades lingüísticas dende a súa conceptualización ata a súa tipoloxía, concretándose no caso galego que, como indica o autor, constitúe un escenario de estudo de gran interese para a sociolingüística polo contacto entre o galego e o castelán. Nas páxinas seguintes, sobresaie a revisión de diversos estudos que achegan unha descrición das variedades lingüísticas que conviven no territorio galego, punto no que o autor resalta a relevancia da oralidade xa que é o medio onde, maiormente, se empregan e, desta forma, propón a construción dun modelo da lingua galega que teña como base o sistema fonético da variedade popular ou tradicional. Nesta mesma liña, analízanse os tres tipos de falantes que ocupan un importante papel para o estudo

do contexto sociolingüístico galego: os neofalantes, os paleofalantes e castrapofalantes. É nesta cuestión onde é preciso destacar as achegas levadas a cabo por Freixeiro Mato xa que, por unha parte, conclúe que as variedades híbridas afectan negativamente ás linguas minorizadas, neste caso ao galego, ao ser asociadas polos falantes como exclusivas destas e, polo tanto, vense reforzadas as actitudes lingüísticas negativas cara a estas linguas. De novo, a lingua maioritaria e de prestixio, o castelán, veríase favorecida ao ser percibida como unha lingua estábel e uniforme, aspectos valorados polos falantes. Por conseguinte, o autor propón como camiño viable e necesario que os diversos falantes implicados dominen un modelo da lingua depurado de castellanismos e onde a variedade estándar acade a súa normalización total. Así, estas propostas salientan o seu compromiso coa calidade lingüística do galego ao considerala como un garante imprescindible para a supervivencia da lingua. Tendo en conta esta posición, non é estraño que no derradeiro apartado deste capítulo no que se trata a cuestión da confrontación entre a adopción dunha norma para a escrita semellante á fala ou, pola contra, baseada no modelo literario, Freixeiro Mato conclúa que non é posible adoptar a primeira opción, pois, a fala popular caracterízase por conter un gran número de castellanismos e, tamén, porque xa existe un modelo culto que avanza na mellora da súa calidade.

O terceiro capítulo ten como título “Discursos sobre a lingua na procura da normalización” (pp. 193-253) e comeza facendo fincapé no papel dos discursos dos propios falantes no proceso de normalización da lingua. Nas seguintes páxinas deste capítulo, Freixeiro Mato, despois de analizar os conceptos de lingua minorizada, substitución lingüística e morte dunha lingua, examina os dous discursos fundamentais sobre a supervivencia do galego: por un lado, aqueles que manteñen una perspectiva positiva e, por outro lado, os que adoptan un enfoque máis pesimista. Nesta cuestión, o autor conclúe que se ben existen argumentos salientables para ser pesimistas como a perda incesante de falantes, especialmente, nas novas xeracións ou a falta de compromiso coa lingua por parte da Administración e os medios de comunicación, tamén hai elementos que poderían equilibralos e, incluso, revertir a situación. En consecuencia, proporciónase unha revisión do papel da identidade social e o compromiso coa lingua co fin de apoiar a idea de que a súa revitalización ten que ir da man

do reforzo identitario co galego e da nacionalidade galega. Nesta mesma orde de ideas, Freixeiro Mato pon en tea de xuízo a proposta do bilingüismo, especialmente, cando se fala de bilingüismo harmónico nun contexto como o galego, xa que favorece o proceso de asimilación lingüística que sofre o galego por parte da lingua dominante que supón o castelán. Asemade, ao tratar a cuestión do plurilingüismo, o autor declárase partidario dunha proposta que teña o monolingüismo social do galego como característica central dunha posible sociedade plurilingüe. Con este fin, Freixeiro Mato revisa coñecidos traballos que fan unha clara crítica á ideoloxía monolingüística dos estados a cal se relaciona co concepto de imperialismo lingüístico, fenómeno que favorecería os procesos de substitución e morte das linguas minorizadas ante a redución de espazos de uso polo dominio de linguas de prestixio, como o inglés. Ante esta situación, proclámase a necesidade da defensa das linguas minorizadas, posto que a súa desaparición supón a perda dunha parte da realidade da cultura á que pertencen. Neste sentido, sobresa a proposta dun plurilingüismo pasivo ou sesquilismo que se pode definir como a capacidade de entender outras linguas grazas a unha competencia pasiva que favorece a intercomprensión entre os falantes de distintas linguas. É dicir, no caso galego, Freixeiro Mato aposta por un monolingüismo produtivo do galego que coopera cun bilingüismo ou plurilingüismo receptivo das diversas variedades do portugués e, quedaría aberta a porta para as outras linguas peninsulares e, tamén, para as linguas estranxeiras. Por conseguinte, preséntase o sesquilismo como unha alternativa ao imperialismo lingüístico do español ou do inglés, xa que garante a diversidade lingüística, sexa a nivel galego, peninsular ou europeo, e favorece que os falantes de linguas minorizadas non se vexan na necesidade de cambiar a súa lingua habitual para o entendemento con outros grupos lingüísticos. En relación con esta idea, Freixeiro Mato remata este capítulo facendo unha defensa do ecolingüismo como marco teórico para fundamentar a defensa da diversidade lingüística e dos dereitos lingüísticos dos falantes e no que, polo tanto, encaixaría o sesquilismo.

O último capítulo supoñen as súas conclusións nas que recolle as ideas que foi expoñendo e fundamentando ao longo das páxinas do libro e que converxen na súa proposta para a normalización e planificación da lingua galega. Nestas páxinas, é preciso destacar que

Freixeiro Mato é consciente da diversidade de situacións e tipos de falantes que se presentan no futuro galego e, por conseguinte, reconece que é preciso ter en conta a todos eles para favorecer a normalización da lingua galega. Por outra parte, o autor profunda na aplicación do sesquilismo e ecolingüismo na Administración e no sistema educativo. Neste sentido, reivindica o galego como lingua nacional de Galicia e propón ao sistema educativo como axente principal para promover o perfeccionamento do galego e o modelo sesquilista, descrito no capítulo anterior. Igualmente, retoma a súa proposta binormativista, na que se pode resaltar o seu compromiso por eliminar os españolismos e pola creación dunha norma próxima ao sistema portugués. Porén, este modelo non é viable sen o apoio social e institucional e, polo tanto, fai unha reflexión sobre a necesidade de adoptar unha identidade nacionalista galega e da idea de “auto-goberno” para garantir un proceso de planificación e normalización dunha lingua minorizada como é o galego, xa que estas medidas demandan un forte compromiso político para implantalas. Finalmente, Freixeiro Mato incide en que esta proposta, baseada nun vínculo identitario coa lingua e a cultura, abranguería a diversa sociedade galega pero, tamén, a comunidade lusófona, quen pode desenvolver un importante papel no futuro do galego, como salienta nas súas derradeiras liñas da obra: “Só neste caso o galego poderá optar a un futuro digno (...). Para o conseguir non debe renunciar á axuda do portugués” (p. 261).

En definitiva, *Idioma e sociedade. Sobre a normalización e planificación da lingua galega* está dirixido a calquera lector interesado en introducirse na sociolingüística galega ou ben en profundar en novas propostas en materia de planificación e normalización lingüística do galego. Nesta obra, Freixeiro Mato vai degañando a complexidade da situación do galego cun discurso claro e fundamentado e sen perder o fío condutor que é o de transmitir as súas propias propostas, non só para a simple supervivencia da lingua, senón para a revitalización conxunta da identidade social e do galego grazas ao pulo do portugués. Así pois, este libro contribúe a complementar a difusión da investigación sociolingüística galega e permite o avance no campo do deseño dun modelo de planificación e normalización lingüística da lingua galega que sexa viable e eficaz.

Itziar Bermejo Freijo
Universidade de Vigo
itbermejo@uvigo.es